

4^o CONGRESO

19 de febreiro 2022



4^o CONGRESO PROVINCIAL DA CORUÑA

Hotel Puerta del Camino, Santiago - 19 de febreiro de 2022

Bases de convocatoria

- Disposicións Xerais (páx. 3)
- Primarias a Secretario/a Xeral (páx. 8)
- Elección de delegacións (páx. 17)
- Proposta, debate e votación de emendas (páx. 19)

Comité Provincial

18 de decembro de 2021

1. DISPOSICIÓN XERAIS

O presente documento establece as bases e o calendario para a celebración do 4º Congreso Provincial do PSdeG-PSOE da Coruña, incluíndo:

- Elección directa da persoa titular da Secretaría Xeral Provincial da Coruña
- Elección das delegacións ao 4º Congreso
- Presentación das emendas á Ponencia Política e os Estatutos Provinciais
- Elección da Comisión Executiva Provincial
- Elección da Comisión Provincial de Ética
- Elección dos membros do Comité Provincial escollidos polo Congreso Provincial

O Congreso Provincial desenvólvese de acordo ao establecido nos *Estatutos Federales*, no *Regulamento Federal de Desenvolvemento de los Estatutos Federales* e nas presentes bases de convocatoria.

1.1 CONVOCATORIA

O 4º Congreso Provincial Ordinario do PSdeG-PSOE da Coruña celebrarase o día 19 de febreiro no Hotel Puerta del Camino de Santiago de Compostela, quedando fixada para o día 30 de xaneiro a xornada de votación da primeira volta de primarias para a elección de Secretario/a Xeral da Comisión Executiva Provincial da Coruña

1.2 ORDE DO DÍA PROVISIONAL

1. Ditame da Comisión de Credenciais e constitución do 4º Congreso Federal.
2. Elección da Mesa do Congreso.
3. Apertura do Congreso. Saúdo da Presidencia do Congreso Provincial.
4. Informe de xestión dos órganos provinciais. Debate e votación.
5. Elección da Comisión Electoral do Congreso e apertura de prazo de presentación de candidaturas aos órganos provinciais.
6. Constitución das comisións de traballo. Debate de emendas en comisión.

7. Proclamación de candidaturas aos órganos provinciais.
8. Presentación e aprobación polo plenario das resolucións das comisións de traballo. Se procede, debate e votación de emendas.
9. Votación dos órganos provinciais.
10. Proclamación de resultados.
11. Clausura.

1.3 CALENDARIO MARCO

O calendario marco do 4º Congreso Provincial da Coruña (4CP) é o seguinte:

[Ver proposta axunta]

1.4 COMPOSICIÓN DO 4º CONGRESO PROVINCIAL

Son membros de pleno dereito do Congreso Provincial:

- As delegacións elixidas a tal efecto mediante o voto individual, directo e segredo da militancia do PSdeG da provincia da Coruña. O baremo para o cálculo das delegacións será de un delegado ou delegada para todas as agrupacións con mínimo 5 afiliados; un delegado/a por cada 20 militantes, e un delegado/a máis se o resto é igual ou superior a 10.
- Unha delegación de Xuventudes Socialistas de Galicia, que representará o 2% do total de delegados/as do Congreso Provincial.

Son membros do Congreso Provincial, con voz pero sen voto:

- A Comisión Executiva Provincial
- Os membros da Comisión Provincial de Ética.
- Os membros da Comisión Provincial de Control Económico.
- As persoas membros do Comité Provincial designados para defender no Congreso a memoria de xestión dos órganos provinciais.

1.5 PONENCIA POLÍTICA

O Comité Provincial ratifica a designación do Equipo de Coordinación e Ponencia aprobado pola Comisión Executiva Provincial, e faculta a este para a redacción final e presentación da Ponencia Marco do 4º Congreso Provincial da Coruña durante o mes de xaneiro.

En todo caso, a Ponencia Política deberá estar a disposición das agrupacións e a militancia antes do 20 de xaneiro, 30 días antes do Congreso.

1.6 PROPOSTA E APROBACIÓN DE EMENDAS

Unha vez trasladada a Ponencia Política as agrupacións debaterán e votarán as propostas de emendas. Todas aquelas que obteñan o apoio de, polo menos, un 30% da Asamblea serán remitidas á Comisión Organizadora. O prazo para convocar asambleas para o debate e votación de emendas en cada agrupación será do 28 de xaneiro ao 5 de febreiro.

Unha vez tramitadas todas as emendas aprobadas elaborárase unha Memoria con todas as emendas e proposicións recibidas.

1.7 INFORME DE XESTIÓN DOS ÓRGANOS PROVINCIAIS

O Comité Provincial aproba a súa memoria de xestión, que será remitida ás agrupacións, xunto coa memoria de xestión dos Órganos Provinciais, antes do 9 de febreiro, que serán debatidas e xulgadas polo 4º Congreso Provincial.

1.8 CENSO

O censo para a celebración do 4º Congreso Provincial queda pechado a data de convocatoria 18 de decembro.

O censo está conformado por:

- A militancia do PSdeG-PSOE da provincia da Coruña.
- A militancia das Xuventudes Socialistas de Galicia na provincia da Coruña.

Considérase como único censo oficial e válido para calquera tipo de votación o actualizado e verificado pola Comisión Executiva Federal e autorizado polo Departamento de Atención al Militante y a la Ciudadanía (DAMyC).

O censo provisional estará a disposición das agrupacións dentro dos cinco días seguintes á convocatoria do Congreso Provincial a través do Portal de Agrupacións, abríndose un prazo de correccións de 3 días, para poder presentar alegacións sobre os erros que puideran existir. As persoas que o desexen poderán verificar ante o DAMyC e solicitar a corrección dos seus datos no Censo electoral no prazo de correccións habilitado (a través do correo electrónico damyc@psoe.es).

Unha vez tramitadas as alegacións, porase a disposición o censo definitivo. Este censo non se corresponde co listado de votación, xa que este último incorpora á militancia de XSG, ademais dos interventores e interventoras, se os houbera. Os listados de votación enviaranse, xunto co resto do material necesario, a cada Mesa Electoral nos días previos á votación, tan pronto o responsable dos mesmos (DAMyC) proceda ao seu envío.

No **listado para a elección da Secretaría Xeral** figurarán:

- Militantes da agrupación que é centro de votación
- Militantes de agrupacións unificadas nese centro de votación
- Militantes de XSG
- Interventores das candidaturas

No **listado para a elección das delegacións** figurarán:

- Militantes da agrupación que é centro de votación

O censo será custodiado e xestionado polo *Departamento de Atención al Militante y la Ciudadanía*, que velará polo seu uso responsable, así como polo pleno respecto á lexislación sobre protección de datos. De acordo co estipulado nas normas que desenvolven a lexislación de Protección de Datos de carácter persoal, en ningún caso as precandidaturas ou candidaturas poderán acceder a datos persoais da militancia.

1.9 COMISIÓN ORGANIZADORA DO CONGRESO

A Comisión Organizadora do 4º Congreso Provincial da Coruña está composta por:

José Ramón Rioboo Castro

Sandra González Castro

Antonio Leira Piñeiro

Olimpia Méndez López

Diego Fernández López

María Carmen Vila Blanco

Juan Manuel Cao García

Margarita Lamela Louzán

Julián Reina Villalón

María Jesús Iglesias Sánchez

Bernardino Rama Seoane

María Flor Lago Méndez

A Comisión Organizadora estará habilitada para a promulgación de cantas instrucións, certificados e resolucións sexan precisos para o correcto desenvolvemento do proceso congresual, incluído o proceso para a elección das delegacións.

Actúa baixo a supervisión da Comisión Nacional de Ética, que ten a última decisión sobre a aplicación das disposicións estatutarias e regulamentarias que regulan o 4º Congreso Provincial.

2. PRIMARIAS Á SECRETARÍA XERAL PROVINCIAL DA CORUÑA

A elección do Secretario ou Secretaria Xeral da Comisión Executiva Provincial da Coruña realizarase mediante o sistema de primarias a dobre volta, mediante voto individual, directo e segredo dos/as militantes con plenos dereitos políticos, ademais dos membros de XSG.

2.1 CALENDARIO DAS PRIMARIAS Á SECRETARÍA XERAL CEP

Presentación de precandidaturas	➔	28 - 29 de decembro
Recollida e presentación de avais	➔	30 decembro – 10 xaneiro
Proclamación candidatos/as	➔	11 – 14 de xaneiro
Campaña de información	➔	15 - 29 de xaneiro
Xornada de votación (1ª volta)	➔	30 de xaneiro
Proclamación (+50% votos)	➔	31 de xaneiro
Xornada de votación (2ª volta)	➔	6 de febreiro
Proclamación (máis votado)	➔	7 de febreiro

2.2 COMISIÓN DE PRIMARIAS

A Comisión de Primarias está formada pola Comisión Organizadora e representantes das candidaturas. O seu obxectivo é asegurar a igualdade entre os candidatos/as e facilitará os mesmos medios e os datos que resulten necesarios a todas as candidaturas.

A Comisión de Primarias, en presenza dos/as representantes das candidaturas, poderá consensuar calquera aspecto que afecte ao proceso.

2.3 PRESENTACIÓN DE PRECANDIDATURAS

Terán a condición de **precandidatos** ou **precandidatas** aqueles/as militantes que comuniquen formalmente a súa intención de concorrer á elección de Secretario/a Xeral, entregando cuberto o **impreso** correspondente os días 28 e 29 de decembro. Este impreso poderá solicitarse a través do correo electrónico cne@socialistasdegalicia.com. A presentación farase tamén a través do mesmo correo electrónico.

Unha vez obtida a condición de precandidato/a facilitarase:

- Os impresos oficiais para a recollida de avais no seu favor.
- Os datos estatísticos do censo.
- número de avais necesarios para presentar unha candidatura.
- Os datos de contacto das agrupacións municipais.

Para lograr a consideración de candidato/a, ademais de ser militante do PSdeG-PSOE e estar inscrito no censo válido para o 4º Congreso Provincial, **será necesario conseguir un 12% dos avais** da militancia do PSdeG-PSOE e XSG.

2.4 RECOLLIDA E PRESENTACIÓN DE AVAIS

O prazo de recollida e presentación de avais inicia o 30 de decembro e remata o 10 de xaneiro ás 12:00 horas.

Os avais deberán presentarse ante a Comisión Nacional de Ética empregando algunha destas canles:

- A través dos representantes das precandidaturas.
- A través de cne@socialistasdegalicia.com

Os modelos de avais de todas as precandidaturas estarán dispoñibles na web www.socialistasdecoruna.es.

As persoas habilitadas por un aspirante para proceder no seu favor á recollida de avais poderá consultar a inscrición no censo de militantes, sen que dita consulta poda supoñer o acceso ou obtención de datos de carácter persoal.

As precandidaturas poderán aportar ao órgano verificado dos avais, **como máximo, o 15%**, tan so coa finalidade de chegar ao mínimo establecido pola posible anulación de parte dos avais presentados.

2.5 VERIFICACIÓN E RECONTO DE AVAIS

Unha vez remate o prazo de recollida e presentación de avais, o 10 de xaneiro ás 12:00 horas, procederase á verificación e recuento dos avais.

O órgano verificador dos avais será a Comisión Nacional de Ética.

- Non se pode avala a máis de unha precandidatura, considerándose nulos todos os emitidos por unha persoa a favor de máis de unha precandidatura.
- Considerarase un único aval válido por quen avalara máis dunha vez a favor da mesma precandidatura.
- Non serán válidos os avais presentados nun formato distinto ao oficial.

2.6 PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS

Verificados e validados os avais presentados, a Comisión Nacional de Ética realizará a proclamación provisional de candidaturas, contra o que caberá recurso en primeira instancia diante da mesma no prazo de 24 horas, nos termos regulamentarios establecidos, non sendo recorribles feitos, acordos ou decisións que non sexan determinantes na proclamación de calquera candidatura. Poderán interpoñerse por calquera dos precandidatos/as que asistan ao proceso de verificación e recuento. Os que non asistan entenderase que renuncian á súa condición de parte do proceso electoral.

Caberá recurso en segunda instancia diante da Comisión Federal de Ética, a presentar en 24 horas dende a recepción da correspondente resolución.

Transcorrido o prazo de recursos, a Comisión Nacional de Ética procederá á proclamación definitiva das candidaturas.

No caso de que unha única candidatura alcance o número mínimo de avais, a Comisión Nacional de Ética proclamará o/a Secretario/a Xeral Provincial sen necesidade de votación.

2.7 CAMPAÑA DE INFORMACIÓN

A campaña de información se desenvolverá entre os días 15 e 29 de xaneiro.

Durante a campaña de información, **os candidatos e candidatas terán que manter en todo momento un comportamento adecuado** cos principios que inspiran a nosa organización.

Ás candidaturas, unha vez proclamadas, se lles facilitará en igualdade de condicións os seguintes recursos:

- Un envío de correo electrónico á militancia.
- Enlace dende a páxina da Agrupación Provincial á súa web, se a tiveran.
- Coordinación coa oficina de prensa provincial.

Sen prexuízo da individualidade da campaña de cada candidatura, todos os actos e accións que as candidaturas realicen durante a campaña de información deberán respectar e garantir uns **criterios básicos de unidade de imaxe corporativa** do Partido, establecidos pola Comisión Organizadora, baixo a supervisión da Comisión Nacional de Ética.

As candidaturas non poderán acceder a datos persoais do corpo electoral, sempre de acordo co estipulado no desenvolvemento da lexislación de Protección de Datos de carácter persoal.

2.8 PREPARACIÓN DOS CENTROS DE VOTACIÓN

- Lugares e horarios de votación:

Como norma xeral, as agrupacións municipais serán os centros electorais, con excepción das que teñan un **censo inferior a 10 votantes**, que exercerán o seu dereito a voto no centro de votación máis próximo.

A Comisión Organizadora poderá agrupar varias destas agrupacións, sempre que estean próximas xeograficamente e designar a sede dunha delas como centro de votación.

A xornada de votación desenvolverase, en primeira volta, **o día 30 de xaneiro, entre as 10:00 e as 20:00 horas**.

Excepcionalmente, poderán habilitarse quendas de **horario reducido** de votación, de polo menos 4 horas, para aqueles centros de menos de 100 votantes que decidiran non establecer o horario completo.

As Comisións Executivas Municipais deberán indicar á Comisión Organizadora, a través de 4congreso@socialistasdecoruna.es o horario e lugar de votación decidido para dita xornada, antes do día 3 de xaneiro ás 14:00 horas. Unha vez establecidos todos os centros de votación, publicaranse na web www.socialistasdecoruna.es.

Serán as Comisións Executivas municipais as encargadas de convocar aos seus militantes, indicando na convocatoria o lugar concreto e horario de votación da xornada.

Por norma xeral, será a Secretaría de Organización municipal, ou a persoa que esta designe, o/a Responsable do Centro de Votación.

- Material para as Mesas Electorais.

Un par de días antes da votación, a Comisión Organizadora fará chegar a cada unha das Mesas Electorais:

- Actas para cubrir na Mesa.
- Papeletas e sobres.
- Listados de votación necesarios.
- Outros materiais necesarios.

- Dentro dos centros electorais:

As Comisións Executivas correspondentes respecto de cada centro de votación articularán os medios oportunos para garantir unha **cabina** ou estancia individual ou espazo para a preparación polos electores/as, en segredo, do voto.

Para o proceso de votación elixirase unha **Mesa Electoral**, conformada por unha presidencia e dúas vogalías. A tal efecto, a Comisión Executiva do centro de votación poderá fixar na convocatoria da xornada un momento previo, como máximo 24 horas antes do inicio da votación, para a súa elección (RFDEF art. 354).

Habilítase á Secretaría de Organización do centro electoral para tomar as medidas necesarias para que haxa unha Mesa formada ao inicio do horario de votación.

En ningún caso poderán ser membros da Mesa Electoral:

- Membros da Comisión Provincial de Ética.
- Persoas que a Comisión Provincial de Ética ou a Comisión Federal de Ética e Garantías nomearan para o seu apoio na labor de garantías do proceso.
- Membros da Comisión Executiva Provincial.
- Candidatos/as, os seus representantes na Comisión de Primarias, e das súas plataformas públicas de apoio.
- Interventores/as e apoderados/as das candidaturas.
- Membros das Comisións Executivas Nacional e Federal.

No caso de que simultaneamente se produzan varias eleccións, a Mesa Electoral elixida para a elección da Secretaría Xeral será a mesma para todos os procesos simultáneos.

As presentacións de candidaturas de delegacións ao Congreso Provincial formalizaranse entre o 25 e o 29 de xaneiro, seguindo este regulamento, de maneira que non retrasen a hora de inicio da votación.

- Censo (Listado de votación):

O único censo oficial e válido será o actualizado e verificado pola Comisión Executiva Federal, e autorizado polo DAMyC. Conformarán o censo electoral:

- A militancia do PSdeG-PSOE da provincia da Coruña
- A militancia de XSG da provincia da Coruña

Tres días antes da votación, o DAMyC remitirá os listados de votación válidos para o desenvolvemento da xornada. Nese censo figurarán, ademais do corpo electoral antes mencionado, os votos desprazados e os interventores/as das candidaturas.

- Interventores/as e apoderados/as:

Cada candidatura poderá acreditar, ata o día 21 de xaneiro ás 18:00 horas, un máximo de dous militantes con dereito de sufraxio activo no correspondente proceso como apoderados/as ou interventores/as por cada Centro de Votación.

Os/as apoderados/as exercerán as súas funcións participando con voz, pero sen voto, en calquera Mesa electoral, podendo presentar as protestas ou reclamacións que estimen oportunas. As persoas interventoras, ademais, votan na Mesa á que se lles asigna e asinan as actas da Mesa.

2.9 DESENVOLVEMENTO DA XORNADA DE VOTACIÓN

- Constitución da mesa:

O día da xornada de votación, á hora estipulada, constituirase a Mesa electoral e acreditará aos interventores e interventoras que se presenten. A Mesa será única para os procesos de votación que se desenvolvan simultaneamente.

Co acto da constitución, a acreditación de interventores e a revisión e precitado das urnas, así como con calquera incidencia que se quixera recoller, a Mesa estenderá o acta de constitución e anunciará o inicio da xornada de votación.

O/a responsable do centro de votación (por norma xeral, o/a Secretario/a de Organización da agrupación) debe comunicar a constitución da Mesa ao inicio da votación e confirmar a composición final da Mesa a través do Portal de Agrupacións (<https://agrupaciones.psoe.es/>) ou directamente á Comisión Organizadora a 4congreso@socialistasdecoruna.es incluíndo unha imaxe da acta de constitución.

- Votación:

Os/as electores/as exercerán o seu dereito a voto no centro de votación no que figuren inscritos/as. Acreditarán a súa identidade ante a Mesa, exclusivamente, mediante presentación do DNI, pasaporte, carné de conducir ou NIE (serven caducados). Comprobada a presenza do elector no censo correspondente, o elector ou electora exercerá o seu dereito ao voto.

O voto constará de papeleta e sobre, cuxo modelo oficial será aprobado pola Comisión Nacional de Ética.

Con antelación á xornada de votación, dende a Comisión Organizadora facilitaranse os materiais necesarios, de tal maneira que haxa suficientes papeletas e sobres en tódolos centros electorais ao inicio da xornada de votación.

- Fin da votación e escrutinio:

Á hora establecida para o peche da votación, a Presidencia da Mesa anunciará o fin do acto de votación, permitindo o voto a quen, non tendo exercido aínda o voto, estivesen no centro de votación.

Posteriormente, exercerán o seu dereito ao voto as persoas interventoras e os membros da Mesa Electoral.

Concluídos os trámites anteriores, procederase ao escrutinio dos votos, que se levará a cabo polos Membros da Mesa Electoral.

- Considerarase un único voto válido o sobre que conteña varias papeletas da mesma candidatura.
- Consideraranse votos en branco os emitidos en sobre sen papeleta ou os que conteñan unha papeleta branca confeccionada como tal.
- Serán votos nulos:
 - Os emitidos con sobres ou papeletas diferentes dos oficiais.
 - Os emitidos sen sobre.
 - Os que conteñan papeletas de diferentes candidaturas.
 - Aqueles nos que se realizaran inscricións, salvo as que, pola súa entidade, non xeren dúbidas sobre a vontade do elector.

Efectuado o escrutinio, a Mesa estenderá e asinará a acta de sesión-escrutinio cos resultados, no modelo aportado pola Comisión Organizadora, que tamén asinarán os interventores/as presentes. **Na acta de sesión-escrutinio reflexaranse as incidencias da sesión, así como as protestas das candidaturas.**

A acta remitirase polo responsable do Centro de Votación á maior brevidade posible á Comisión Nacional de Ética a través do correo electrónico cne@socialistasdegalicia.com ou a través da aplicación WhatsApp nos números que se facilitarán coa Guía de Votación.

Tamén se enviará en soporte físico toda a documentación da Mesa á Comisión Nacional de Ética antes do día 1 de febreiro ás 14:00 horas, incluíndo:

- Copia da Acta de constitución.
- Copia da Acta de sesión-escrutinio.
- Os censos punteados e as certificacións censais aportadas, se as houbera.
- Escritos de reclamación e protesta, se os houbera
- Os votos nulos, de habelos.
- Os votos cuxa validez fora cuestionada.

2.10 PROCLAMACIÓN DE RESULTADOS

Recibidos os datos do escrutinio das Mesas Electorais, a Comisión Nacional de Ética proclamará o resultado provisional da elección.

As candidaturas poderán, en primeira instancia, presentar recurso no prazo de 24 horas dende o final do acto de votación contra a acta de proclamación de resultados ante a Comisión Nacional de Ética, que resolverá en 24 horas dende a súa presentación.

Será proclamado Secretario/a Xeral da Comisión Provincial da Coruña o candidato ou candidata que obteña máis do 50% do voto válido. Se ningún candidato acadase dita porcentaxe, celebraríase unha segunda volta o día 6 de febreiro entre as dúas candidaturas con máis número de votos.

3. ELECCIÓN DAS DELEGACIÓNS PARA O CONGRESO PROVINCIAL

A elección das delegacións que constitúen o 4º Congreso Provincial da Coruña realizarase mediante o voto individual, directo e segredo dos/as militantes de cada agrupación maior de 5 militantes, en listas paritarias, pechadas e bloqueadas no número que lles corresponda seguindo o baremo aprobado:

- Un delegado ou delegada para todas as agrupacións con mínimo 5 afiliados.
- Ademais, un delegado ou delegada por cada 20 militantes.
- Un/ha delegado/a máis se o resto é igual ou superior a 10.

A elección das delegacións farase o mesmo día que a elección do Secretario/a Xeral, o 30 de xaneiro, e a Mesa Electoral será a mesma, pero con distintos censos.

É importante ter en conta que os membros da Comisión Executiva Provincial non poderán ser delegados/as no Congreso Provincial.

Se se presente unicamente unha candidatura, non se realizará votación, quedando asumida a proposta pola Agrupación.

3.1 PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE DELEGADAS/OS

As Comisións Executivas Municipais das agrupacións designadas Centro de Votación procederán á apertura dun prazo para a presentación de candidaturas de delegados e delegadas, que irá dende o día 25 ao 29 de xaneiro. Estas deberán ser completas, pechadas, bloqueadas e paritarias, e poderán ter un máximo de tres suplentes. Cando o número de integrantes da lista sexa impar, a presenza de ambos sexos será o máis axustada ao equilibrio numérico.

As Secretarías de Organización das agrupacións recibirán as solicitudes, e verificarán que as candidaturas presentadas compren os requisitos esixidos. No caso de atopar nelas algún defecto que se poida corrixir, deberá comunicarllo de maneira inmediata á candidatura afectada, outorgándolle un prazo para facelo que deberá rematar antes da elección.

3.2 ATRIBUCIÓN DE DELEGADAS E DELEGADOS

No suposto de que só exista unha soa lista, esta será proclamada automaticamente como a lista de delegados e delegadas da agrupación, non sendo necesaria a votación.

No suposto de que existan dúas listas ou máis, atribuiranse os delegados/as atendendo aos seguintes criterios (sempre que o número de delegados/as a asignar sexa 3 ou máis, e que as candidaturas superen o 20% dos votos válidos):

- Á lista máis votada correspóndelle como mínimo a metade máis un/unha dos delegados/as a escoller. Cando o número de delegados a repartir sexa impar, considerarase a metade máis un o primeiro número enteiro superior ao 50%.
- No caso de que existan máis de dúas listas que superen o 20% dos votos válidos, o resto dos delegados/as repartirase proporcionalmente entre as listas minoritarias, excepto cando sexa un único delegado/as a repartir; nese caso correspondería á lista minoritaria máis votada.
- O/a último/a delegado/a atribúese ao resto máis alto. No caso de empate o/a delegado/a atribuirase por sorteo entre as listas empatadas.

4. PROPOSTA, DEBATE E VOTACIÓN DE EMENDAS

As agrupacións municipais poderán formular suxestións á Orde do Día, presentar proposicións, emendas parciais ou ponencias alternativas sobre a materia de calquera natureza, sempre que obteñan un mínimo do 30% de apoio na assemblea.

4.1 ASAMBLEAS PARA PROPOSICIÓN, DEBATE A VOTACIÓN DE EMENDAS

Dende o 28 de xaneiro ao 5 de febreiro, as agrupacións deberán convocar unha assemblea extraordinaria para debater as propostas realizadas polos militantes. Poderá habilitarse un prazo previo para a presentación destas co obxecto de facilitar a ordenación do debate.

Todas aquelas que obteñan o apoio de, polo menos, o 30% da Asamblea deberán ser enviadas á Comisión Organizadora a través de 4congreso@socialistasdecoruna.es.

4.2 ENVÍO DA MEMORIA DE EMENDAS

A Comisión Organizadora remitirá a memoria de emendas antes do 9 de febreiro ás delegacións elixidas polas agrupacións, para o seu estudo previo ao Congreso Provincial.